

A CIG consegue melloras por riba de convenio no Plan de Igualdade da Asociación Down que benefician a máis de 100 persoas traballadoras

Entre as medidas incorporadas a instancias da CIG-Ensino está o incremento nunha semana do permiso retribuído por nacemento e coidado de menores, a posibilidade de gozar do chamado "permiso de lactación" até os 12 meses de vida da crianza desde o seu nacemento ou adopción, o incremento do permiso por defunción de familiares directos até os 7 días, facilidades para realizar formación en horario laboral, seguir promovendo a xornada continua e a transformación de contratos temporais en indefinidos, así como outras medidas contra o acoso na contorna laboral. Durante as negociacións acordouse tamén que dentro de dous anos se abordarán outras melloras, antes da finalización do período de aplicación deste Plan.

Despois dunha negociación de meses e de 4 reunións nas que a CIG-Ensino levou sempre a iniciativa, como se pode ver no extracto das actas incluído na imaxe inferior, conseguiu chegar a un acordo coa empresa para aprobar **o primeiro Plan de igualdade nas Asociacións Down Galiza, Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol que terá impacto no persoal que traballa en 7 centros desta entidade.** Nel recóllense varias melloras con respecto ao convenio de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, que é polo que se rexe esta empresa, na que, por certo, a CIG non ten representación sindical, o que fai aínda se cabe máis meritoria a aprobación deste plan que se estende a máis dun cento de traballadoras.

No acordo, ratificado entre xullo e setembro nas distintas asociacións, establecece a implantación das medidas recollidas en dito plan que van desde o



curto prazo, neste primeiro ano, ata o compromiso de realizar unha nova negociación en 2026, coincidindo coa metade da súa aplicación, sobre propostas de mellora en materia de conciliación laboral e familiar.

2. Debate e aprobación, se procede, do Plan de Igualdade.

Tras a revisión e consultas feitas por parte da entidade acéptanse as medidas propostas pola CIG correspondentes a:

- Medida 9. Permiso por hospitalización/enfermidade de persoas a cargo, de xeito fraccionado
- Medida 14. Aumento de 1 semana o permiso retribuído por nacemento e coidado de menor
- Medida 15. Permiso de lactación para o persoal con fillas/os menores de 12 meses

Medidas a implantar acadadas pola CIG-Ensino

- ☒ *Aumentar unha semana o permiso retribuído por nacemento e coidado de menores, a maiores das 16 semanas.*
- ☒ *O permiso de lactación poderá gozarse polo persoal con fillas e fillos menores de 12 meses, tanto na modalidade de redución da xornada diaria en unha hora (ou en dúas fraccións de media hora), como no que respecta á acumulación do permiso en xornadas completas (neste caso a duración será de catro semanas a acumular, de así decidilo a persoa proxenitora, ao permiso por nacemento e/ou coidado de menor. No caso das adopcións de crianzas menores de 12 meses, as persoas proxenitoras terán dereito á mesma duración do permiso. Até agora era só até os 9 meses.*
- ☒ *Aumentar a 7 días o permiso por falecemento de pais/nais e irmáns (eran só 3 días).*
- ☒ *Promover a realización de até 32 horas de formación ás que terán dereito as traballadoras/es dentro da súa xornada laboral anual. (O convenio marca 25)*
- ☒ *Compensar con tempo de descanso equivalente a formación obrigatoria da empresa que sexa fóra da xornada laboral.*
- ☒ *Promover a contratación indefinida ou de longa duración para as persoas con contratos temporais, incluso aqueles contratos xa vencidos sempre e cando non se superen 12 meses de desvinculación, agás os vinculados a proxectos que na convocatoria así o esixan. O calendario desta medida será durante a vixencia do Plan de igualdade. Trátase dunha medida que non precisa de recursos económicos nin materiais propios para a súa implantación, tal e como defendeu a CIG-Ensino durante a negociación.*
- ☒ *Garantía do dereito de reserva do posto de traballo durante todo o tempo de excedencia por coidado de fillas, fillos ou familia dependente (ata agora era só durante dous anos).*
- ☒ *Continuar promovendo, na medida do posible, a xornada continua fronte á xornada partida como medida de conciliación.*
- ☒ *Ofertar, con preferencia ao persoal que traballa a tempo parcial con contrato indefinido, as vacantes que se produzan a tempo completo.*
- ☒ *Posibilidade de flexibilizar o uso dos días de permiso por hospitalización ou enfermidade de persoas a cargo, de xeito alterno/fraccionado (medida da empresa aprobada)*
- ☒ *Formar en prevención do acoso ás persoas da comisión instrutora do protocolo antiacoso, tendo en conta as novidades da chamada “Lei Trans” polo que se deben contemplar aqueles comportamentos contra a liberdade sexual, a orientación e identidade sexual e a expresión de xénero das persoas traballadoras.*

A CIG acada melloras para as traballadoras incluso onde non ten representación sindical. Afíliate e preséntate na nosa candidatura para sermos máis fortes!

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal